

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE XULLO POLA QUE SE RESOLVE  
A CONCESIÓN DO II PREMIO DE CREACIÓN DE MATERIAIS E  
RECURSOS DOCENTES CON PERSPECTIVA DE XÉNERO DA  
UNIVERSIDADE DE VIGO ANTONIA FERRÍN MOREIRAS**

De conformidade co establecido na resolución reitoral do 30/01/2014 pola que se convocou o II Premio de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero da Universidade de Vigo ANTONIA FERRÍN MOREIRAS co obxectivo de axudar á introdución da perspectiva de xénero na docencia, de acordo coa acta do xurado nomeado para a súa resolución e en virtude das facultades outorgadas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, de 14 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos desta Universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Declarar desertos o primeiro premio e o accésit do II Premio de creación de materiais e recursos docentes con perspectiva de xénero da Univerisdade de Vigo ANTONIA FERRÍN MOREIRAS.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta rsolución recurso de reposición no prazo de un mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes citado namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/92, do 26 de novembro de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.

Vigo, 1 de xullo de 2014

O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

Dilixencia para facer constar que esta resolución se publica no taboleiro de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo o dous de xullo de dous mil catorce.

Vigo, 2 de xullo de 2014  
A directora da Unidade de Igualdade

Ana Isabel González Penín

